

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

DESTINATARIA

TABOLEIRO DE ANUNCIOS

Pola presente publicación literal do Decreto 230/2019 de 22/04/2019 no que se convoca a sesión Ordinaria do Pleno do Concello.

EXPEDIENTE DE CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 25.04.2019.

EXPEDIENTE Nº 2019/G010/000007

“Descrición decreto: EXPEDIENTE DE CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 25.04.2019

EXPEDIENTE Nº 2019/G003/000269

**DON BERNARDO FERNANDEZ PIÑEIRO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).**

En uso das atribucións que me confiren os artigos 21.1 c) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e art. 80 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de 28 de novembro de 1986 e arts. 61.1.c da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, e tendo en conta a relación de expedientes concluídos redactada pola Secretaría municipal o día 22/04/2019, conforme ao establecido nos artigos 81.1a) e 177.2 do RD 2568/86, do 30 de novembro, e o artigo 3.2 do RD 128/2018, de 16 de marzo, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.** - Convocar a todos/as concelleiras e concelleiros membros do concello Pleno á Sesión Ordinaria que terá lugar no Salón de Sesións da Casa do Concello, o próximo **xoves 25/04/2019 ás 12:00 horas** en primeira convocatoria e, no caso de que non existira o quórum preceptivo na primeira convocatoria e segundo o disposto no art. 90 R.O.F., entenderase convocada a sesión automaticamente a mesma hora dous días despois.

**SEGUNDO.** - Fixar para a devandita sesión a seguinte **ORDE DO DÍA:**

**1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES.**

- SESIÓN ORDINARIA DE 28.03.2019.

- SESIÓN EXTRAORDINARIA DE 01.04.2019.

**2.- APROBACIÓN CRITERIOS DE INTERPRETACIÓN EN RELACIÓN AOS USOS NO ÁMBITO PEPR.**

**3.- DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DO PROXECTO DE OBRA DO PLAN POS 2016.**

**4.- DAR CONTA INFORME INTERVENCIÓN 97.2019 PMP E MOROSIDADE E ADXUNTOS (PRIMEIRO TRIMESTRE 2019)**

**5.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URGENTES.**



**6- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA PRESIDENCIA.**

**7.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS.**

**TERCEIRO.-** Que a presente sexa notificada en tempo e forma a todas as persoas que deben de asistir ao Pleno, así como á Secretaria Xeral e á Interventora Municipal, e publicar no taboleiro de anuncios do concello e no portal de transparencia do Concello. (www.pontedeume.gal)

**CUARTO.-** Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Pontedeume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro do que eu, D<sup>a</sup> Marta Cajide Barbeito, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro)."

En Pontedeume, asinado dixitalmente na na data que figura na marxe pola Secretaria do concello de Pontedeume Dona Marta Cajide Barbeito. (Asinado aos efectos do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo).